



Novo programa adicado ao deporte e actualidade cinexética

COUTO VIVO DA TVG INICIA A SÚA ANDAINA ESTA FIN DE SEMANA

A partir do vindeiro 4 de novembro, tódolos sábados, ás 15,15 horas, os afeccionados ao deporte cinexético teñen unha nova cita informativa na Televisión de Galicia, o programa **Couto Vivo**, un novo espazo informativo adicado ao deporte cinexético, con reportaxes, información e actualidade, que dirixirá e presentará a xornalista Raquel Gandoy.

Neste primeiro programa, entre outras reportaxes, cabe resalta-la “*modificación da Lei de Caza de Galicia*” –aprobada recentemente polo Parlamento Galego-, e a “*Caza do Corzo na Fonsagrada*”. Os telespectadores poderán envia-las súas suxerencias e aportacións ao enderezo electrónico coutovivo@crtvg.es, as cales serán lidas nos sucesivos programas e mesmo aquelas que resulten de interese xeral serán obxecto dunha reportaxe.

A TVG con este novo programa especializado súmase así aos programas radiofónicos de Radio Voz “*Caza e Pesca Galega*” que se emite os sábados de 8 a 9 horas, e á Radio Galega onde se emite “*Rios e Montes*” tódolos sábados de 7 a 8 da mañá.

GABINETE DE COMUNICACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com